



[3208846\_CPRConcepciónArenal\_PlanDixital]

[Versión 1.0\_ xuño 2022]

# Índice do Plan Dixital

## 1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

## 2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

## 3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

## 4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

## 5. Difusión do PD

## 1. Introducción

### 1.1. Datos básicos do centro

O colexio Concepción Arenal Sociedade Cooperativa Galega é un centro privado, concertado, plurilingüe e laico que está situado no núcleo urbano da cidade de Ourense, na rúa Bedoya nº 22. Como titular deste Centro figura a Sociedade Cooperativa Galega Colexio Concepción Arenal desde o 20 de febreiro de 2010.

O Centro trata de ser fiel ao seu ideario definíndose como un centro apolítico, pluralista e aconfesional. Apostamos por un desenvolvemento integral do alumnado, equilibrando resultados académicos e inculcación de valores. Desde o punto de vista da actividade pedagóxica, centrámonos en ser unha escola inclusiva. A diversidade é un recurso que nos permite educar na diferenza para que o alumnado participe e progrese no currículo en igualdade de condicións e oportunidades, respectando os diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. Facilitamos un ensino plurilingüe, como aposta por un ensino de calidade e mellora contínua. Pretendemos que o proceso ensino-aprendizaxe, co uso de diversas linguas, contribúa á formación integral do alumnado. Apostamos polas metodoloxías activas, sendo o alumnado protagonista da súa aprendizaxe: Aprendizaxe Cooperativa, ABP (Aprendizaxe Basado en Proxectos), APS (Aprendizaxe e Servizo) e Flipped Classroom. Na actualidade ten en funcionamento tres unidades de Educación Infantil, dez unidades de Educación Primaria, oito de Educación Secundaria e dúas Aulas Específicas. Neste curso están escolarizados 326 alumnos e alumnas: 37 en Ed. Infantil, 152 en Ed. Primaria e 137 en ESO. O número total de profesorado entre as tres etapas é de 39. A situación socioeconómica en xeral, é de nivel medio, aproximadamente un 50% das familias dedícase ao sector servizos, unha porcentaxe menor ao sector secundario (pequenas empresas) e un reducido número de familias ao sector primario. A relación do profesorado coas familias é cercana, tendo o apoio deles e unha disposición positiva ante suxerencias académicas e de mellora.

### 1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

A finalidade do noso Centro educativo é que o alumnado aprenda e fórmese como individuo da sociedade na que vive. En consecuencia, a propia organización vai mellorando a través da súa práctica e da reflexión sobre ela, así como das relacións que establece coa súa contorna.

O Plan Dixital de Centro debe encaixar no contexto institucional máis amplo que ven recollido noutros documentos institucionais, como o Proxecto Educativo de Centro e ambos os documentos deben estar en total consonancia e ser complementarios.

O noso centro educativo está a apostar actualmente pola dixitalización do proceso de ensino e aprendizaxe participando do programa educativo E- dixgal. No ano 2006 implantamos no centro a plataforma dixital de aprendizaxe Edmodo. Ao mesmo tempo empézase a formar o profesorado

en metodoloxías activas, eixo transversal e prioritario do noso proxecto educativo, que están relacionadas coa aprendizaxe dixital: flipped classroom, programas eLearning

### 1.3. Breve xustificación do mesmo

Tendo en conta o mundo no que vivimos, é necesario que abordemos a tecnoloxía desde unha perspectiva máis global, mirando o centro como a unidade de transformación e deseñando plans de mellora que podan ser desenvoltoos co impulso do equipo directivo do centro. Os centros educativos forman parte dun mundo en cambio permanente e dunha sociedade e mercado laboral cada vez máis dixitalizado e por esa razón, os centros educativos deben dar resposta a esas necesidades e demandas da sociedade. O Marco de Competencia para Organizacións Educativas Dixitalmente Competentes permítenos facer unha análise da realidade dos nosos centros e deseñar un plan de acción desde esa perspectiva holística.

Este Plan Dixital de Centro enténdese como o instrumento que debe favorecer e impulsar o uso dos medios dixitais tanto nos procesos de ensino-aprendizaxe como no resto de procesos de xestión do centro. Ademais, é imprescindible dotar ao Plan Dixital dun enfoque de centro sobre o uso dos recursos pedagóxicos dixitais dispoñibles para aproveitar ao máximo as súas posibilidades, de modo que se converta nun proxecto compartido por todos os membros da comunidade educativa, que dea coherencia e guíe o uso das tecnoloxías.

Para o desenvolvemento do noso Plan Dixital de Centro tívose en conta o indicado na Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022 e que ten por obxecto establecer as medidas de actuación relativas ao deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital para o curso 2021-2022, nos centros docentes sostidos con fondos públicos correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia.

Outra das referencias fundamentais para o desenvolvemento deste Plan Dixital é a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación que regula diferentes aspectos relacionados coa competencia dixital e a innovación educativa, así o artigo 121 establece que o proxecto educativo do centro recollerá, entre outros aspectos, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis, no que se establece que as Administracións educativas e os equipos directivos dos centros promoverán o uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TIC) na aula como medio didáctico apropiado e valioso para levar a cabo as tarefas de ensino e aprendizaxe, utilizando os marcos de referencia da competencia dixital que orienten a formación inicial e permanente do profesorado e faciliten o desenvolvemento dunha cultura dixital nos centros e nas aulas.

O artigo 132 da devandita Lei establece como competencias dos directores e directoras, entre outras, exercer a dirección pedagóxica, promover a innovación educativa e impulsar plans para a consecución dos fins do proxecto educativo do centro; e fomentar a cualificación e formación do equipo docente, así como a investigación, a experimentación e a innovación educativa no centro.

A disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional (DOG 30 de xuño), pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2021-2022.

#### 1.4. Proceso de elaboración

Dado que neste centro actualmente existe Comisión-Equipo TIC, o Plan Dixital de Centro foi elaborado durante curso 2021-2022.

Para a elaboración e coordinación do Plan Dixital de Centro distinguimos tres fases ou momentos no desenvolvemento do mesmo:

1ª) Fase de análise: completando e detectando as prioridades, debilidades e establecer os niveis de planificación (programas, proxectos e/ou accións) que marcarán o plan de traballo do centro escolar no seu proceso de cambio e mellora.

2ª) Fase de desenvolvemento: posta en práctica das diferentes accións susceptibles de ser realizadas. A participación do equipo directivo no proceso de deseño e implementación do Plan Dixital de Centro é clave, tanto pola visión global que pode aportar dende a súa responsabilidade (na fase de deseño), como pola capacidade de mobilizar recursos da organización e de xerar liderazgos distribuídos que permitan o cambio atendendo a principios democráticos (fase de implementación). Asimesmo, toda a comunidade educativa e os axentes específicos, levarán a cabo os aspectos recollidos neste documento segundo a súa función.

3ª) Fase de avaliación: como base para unha mellora continua, recolleranse os resultados e a avaliación das accións e procesos que se levaron a cabo mediante o SELFIE. Co claustro de final de curso presentaranse os resultados.

## 2. Situación de partida

### 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- Conectividade:

Dúas conexións :

1 giga de subida e de baixada

1 600 Mgb subida e baixada

1 vde. Armario rack mural de 9U.

1 vde. Panel de parcheo RJ45 Cat.  
1 vde. Switch 10/100/1000 24 portos. DLINK DGS-1210-28P.  
1 vde. Panel de parcheo 24 portos cat. 6 UTP.  
1 vde. Switch 10/100/1000. D-LINK DGS-1210-28P. 8 vde. Latiguillo cat. 6 UTP 1 metro  
1 vde. Rack de mural de 6 U.  
1 vde. Panel de parcheo 24 portos cat. 6 UTP.  
1 vde. Regleta alimentación 8 schukos.  
1 vde. Bandexa porta equipos 1U.  
1 vde. Rack de mural de 6 U.  
1 vde. Panel de parcheo 24 portos cat. 6 UTP. 1 vde. Regleta alimentación 8 schukos  
1 vde. Punto de acceso Ubiquiti UAP-NANOHD  
1 vde. Firewall Fortinet Fortigate 80F (2X Portos WAN + 8x Portos GE internos)  
1 vde. Suscripción FortiGuard Unified Threat Protection (UTP). Inclúe: IPS, Control aplicacións, antivirus, antimalware, web filtering, antispam, etc...

- Aula de informática equipada con:

22 computadores de: Procesador intelcore i3-2120CPU 3.30Gz; memoria ram instalada 4, 00 GB; sistema operativo 64 bitsprocesador baseado en x64; windows 10 home versión 21H2; almacenamiento: 500GB  
1 lousa interactiva IQBOARD IR  
1 Proxector optoma w334e wxga 3700L

- 4 Computadores de administración de sobremesa coas sigientes especificacións:

Procesador intelcore i3-2120CPU 3.30Gz; memoria ram instalada 4, 00 GB; sistema operativo 64 bitsprocesador baseado en x64; windows 10 home versión 21H2; almacenamiento: 500GB

- 1 computador portátil para administración coas seguintes especificacións:

Intel(R) Celeron(R) N4000 CPU @ 1.10Ghz 1.10 GHZ  
8,00 GB (7,83 GB usable)Sistema operativo de 64 bits, procesador baseado en x64

- 4 aulas edixgal equipadas con:

1 computador Intel(R) Celeron(R) N4000 CPU @ 1.10Ghz 1.10 GHZ  
8,00 GB (7,83 GB usable)Sistema operativo de 64 bits, procesador baseado en x64  
1 lousa interactiva IQBOARD IR  
1 Proxector optoma w334e wxga 3700L  
1 computador por alumno/a LENOVO ThinkPad loga 11e 5th Xene

- 2 carros de carga equipados con 40 tablets coas seguintes especificacións:

DESKTOP-NKTDDCC Intel(F) Atom(TM) CPU 23735F G 1.33Ghz 1.33 GHZ 2.00 GB Sistema operativo de 32 bits, procesador baseado en x64.

Todas as aulas restantes ao proxecto edixgal está equipada cun computador, proxector e taboleiro dixital coas seguintes especificacións:

1 computador Intel(R) Celeron(R) N4000 CPU @ 1.10Ghz 1.10 GHZ  
8,00 GB (7,83 GB usable) Sistema operativo de 64 bits, procesador baseado en x64  
1 lousa interactiva IQBOARD IR  
1 Proxector optoma w334e wxga 3700L

Biblioteca:

1 Computador con: Procesador intelcore i3-2120 CPU 3.30Gz; memoria ram instalada 4, 00 GB; sistema operativo 64 bits procesador baseado en x64; windows 10 home versión 21H2; almacenamento: 500GB

Sala de profesores:

1 Computador con: Procesador intelcore i3-2120 CPU 3.30Gz; memoria ram instalada 4, 00 GB; sistema operativo 64 bits procesador baseado en x64; windows 10 home versión 21H2; almacenamento: 500GB

1 escaner/fotocopiadora: Canon IR-ADV C3720

O mantemento é responsabilidade do equipo TIC's e a reparación faise cunha contratación externa ao centro.

O centro tamen conta con Páxina web: [ccarenal.es](http://ccarenal.es)

Aula virtual: Edmodo

Programa ensinaza dixital: Edixgal



## 2.2 Fontes empregadas para a análise DAFO

Para a análise da situación e realizar o seguimento do centro no ámbito da innovación emprégase a ferramenta de autoavaliación SELFIE, que proporciona unha instantánea do punto no que se encontra o centro na actualidade en relación coa estratexia e a práctica no uso das tecnoloxías dixitais de ensinanza e aprendizaxe.

Esta ferramenta organiza a información segundo os bloques ou áreas que recolle o informe resultante da realización desta autoavaliación. Grazas á fotografía do centro realizada a través do SELFIE os resultados obtidos foron os seguintes:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	4	4.2			
	Profesorado	3.8	3.4			
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4	3.7			
	Profesorado	3.5	3			
	Alumnado	3.5	3.3			
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4.4	4.3			
	Profesorado	4	3.6			
	Alumnado	4	3.7			
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4	4.2			
	Profesorado	3.8	3.5			
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4.1	4.3			
	Profesorado	4.2	4			
	Alumnado		4.1			
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3.8	3.9			
	Profesorado	3.5	3.4			
	Alumnado	3.6	3.2			
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3.4	3.3			
	Profesorado	3	3.1			
	Alumnado		2.8			
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3.7	3.9			
	Profesorado	3.6	3.6			
	Alumnado	3.8	3.3			

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	29	37	78,4
PROVISIONAL			
INTERINO			
SUBSTITUTO	<u>2</u>	<u>4</u>	<u>50</u>
DESPRAZADO			

### 2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
86,1	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a(B1)

### 2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	96,9	Integrador/a (B1)	79,2	Integrador/a (B1)
Pri.	81,7	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)
Inf.	88,5	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Ed, Esp.	55,3	Explorador/a	72,2	Integrador/a (B1)
ENR	99	Experto(B <sup>o</sup> )	75,4	Integrador/a (B1)

### 2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>10</u>	<u>32</u>
B1	<u>12</u>	<u>38</u>
B2	<u>6</u>	<u>19,4</u>
C1	<u>2</u>	<u>6,5</u>
C2	<u>1</u>	<u>3,2</u>
TOTAL	<u>31</u>	<u>100</u>

## 2.2. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CA TE GO RÍ AS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<ol style="list-style-type: none"> <li>No noso centro a infraestrutura dixital respalda a ensinanza e o aprendizaxe con tecnoloxías dixitais (C1)</li> <li>No noso centro facilítase o acceso a internet para o proceso de ensinanza e aprendizaxe. (C3)</li> <li>No noso centro existen sistemas de protección de datos.</li> </ol>	<p>Necesitamos mellorar a infraestrutura dixital para respaldar a ensinanza e o aprendizaxe dixital.(C2)</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>A asistencia técnica no noso centro é insuficiente.</li> <li></li> <li></li> <li></li> <li></li> </ol>

	4.No noso centro hai equipos dixitais xestionados po el e que o alumnado pode utilizar. (C8)	
PERSOAL DOCENTE	<p>1.Apoiamos ao profesorado para explorar novas formas de ensinanza coas tecnoloxías dixitais. (A3)</p> <p>2.Si existe reflexión sobre TIC s. (B2)</p> <p>3.Si existe colaboración con outras entidades. (B3 )</p> <p>4.Debatimos sobre as necesidades do DPC referidas ao uso da tecnoloxía. (D1)</p> <p>5.O noso profesorado ten acceso ao DPC no relativo ao proceso de ensinanza con tecnoloxías dixitais. (D2)</p> <p>6. O noso profesorado busca recursos educativos en liña.</p> <p>7. Utilízanse tecnoloxías dixitais para a comunicación coa comunidade educativa .</p> <p>8. Realízanse actividades dixitais que implican ao alumnado. (F4)</p> <p>9. Si se utilizan tecnoloxías dixitais para avaliar as habilidades do alumnado. (G1)</p>	<p>1.Non existe certificación en competencias dixitais. (B1)</p> <p>2.Necesitamos mellorar proceso de axuda ao profesorado no intercambio de experiencias dentro da comunidade educativa no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>4.Non se usan contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado. (E3)</p> <p>5..Necesitamos mellorar a adaptación do proceso de ensinanza ás necesidadees individuais do alumnado no relativo as tecnoloxías dixitais. (F1)</p> <p>6.Necesitamos mellorar a creatividade do alumnado no relativo o proceso de ensinanza con tecnoloxía dixital. (F2)</p> <p>7. Necesitamos mellorar a tecnoloxía para colaboración entre o alumnado. (F5)</p> <p>8. Non se fomenta a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais. (F6)</p> <p>8. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para facilitar retroalimentación axeitada ao alumnado. (G3)</p> <p>9. Non se utilizan tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe. (G5)</p> <p>10.Necesitamos mellorar proceso de axuda ao profesorado no intercambio de experiencias dentro da comunidade educativa no relativo a ensinanza con tecnoloxías dixitais.</p> <p>11.insuficiente creación de recursos dixitais para reforzar o labor de ensinanza.</p>
PERSOAL NON DOCENTE	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.</li> <li>2.</li> <li>3.</li> <li>4.</li> <li>5.</li> </ol>	<ol style="list-style-type: none"> <li>1.</li> <li>2.</li> <li>3.</li> <li>4.</li> <li>5.</li> </ol>
ALUMNADO	1.No noso centro hai equipos dixitais xestionados po el e que o alumnado pode utilizar. (C8)	1.O alumnado non aprende a comprobar si a información que

		<p>2.No noso centro o alumnado aprende a navegar de forma segura en internet. (H1)</p> <p>3. No noso centro o alumnado aprende a actuar responsablemente en internet. (H3)</p> <p>4.O alumnado aprende a comunicarse usando tecnoloxías dixitais. (H8)</p>	<p>atopa en internet é fiable e precisa. (H4)</p> <p>2.O alumnado non aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet. (H6)</p> <p>3.O alumnado Si/Non aprende a crear contidos dixitais nin a comunicarse usando tecnoloxías dixitais. (H7)</p> <p>4.</p> <p>5.</p>
	FAMILIAS	<p>1.</p> <p>2.</p> <p>3.</p> <p>4.</p> <p>5.</p>	<p>1.</p> <p>2.</p> <p>3.</p> <p>4.</p> <p>5.</p>
	OFERTA	<p>1.Apoiamos ao profesorado para explorar novas formas de ensinanza coas tecnoloxías dixitais. (A3)</p> <p>2.</p> <p>3.</p> <p>4.</p> <p>5.</p>	<p>1.</p> <p>2.</p> <p>3.</p> <p>4.</p> <p>5.</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>1.No noso centro desenvolvemos estratexias dixitais en colaboración co profesorado. (A2)</p> <p>2.Apoiamos ao profesorado para explorar novas formas de ensinanza coas tecnoloxías dixitais. (A3)</p> <p>3.existe certificación en competencias dixitais (B1)</p>	<p>1.No noso centro non contamos con unha estratexia dixital. (A1)</p> <p>3.Asistencia técnica insuficiente. (C5)</p> <p>4.</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>1.O centro recibe oferta de actividades formativas e as condicións para a participación.</p> <p>2.Participación en programas externos relacionados coas TICS</p> <p>3.</p> <p>4.</p> <p>5.</p>	<p>1.O centro non recibe achegas económicas suficientes para a ensinanza e aprendizaxe dixital.</p> <p>2.</p> <p>3.</p> <p>4.</p> <p>5.</p>
	LEXISLACIÓN	<p>1.Suficiente política de protección de datos.</p> <p>2.Suficiente grao de apoio na lexislación</p> <p>3.</p> <p>4.</p> <p>5.</p>	<p>1.</p> <p>2.</p> <p>3.</p> <p>4.</p> <p>5.</p>
	CONTORNA	<p>1.</p>	<p>1.</p>

		2. 3. 4. 5.	2. 3. 4. 5.
	ANPA	1. 2. 3. 4. 5.	1. 2. 3. 4. 5.
	OUTRAS ENTIDADES	1.Si existe colaboración con otras entidades.	1. 2. 3. 4. 5.

### 3. Plan de Acción

#### 3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Unha vez definida a nosa meta e analizada a situación de partida comezamos a desenvolver o Plan de Acción. A Comisión-Equipo TIC realizará o traballo de análise de datos do informe SELFIE e o deseño do Plan de Acción. A Comisión-Equipo TIC está formada por membros do equipo directivo e a persoa ou persoas responsables dos medios dixitais do centro e outros membros da comunidade educativa (profesorado). Fruto desta colaboración o resultado será máis realista, viable e asumible por toda a comunidade educativa.

Unha vez analizada a información, e identificadas as áreas de mellora, o deseño das accións do Plan supón levar a cabo os seguintes pasos:

- Determinar os obxectivos que queremos conseguir. Os obxectivos serán específicos, medibles, alcanzables, realistas e definidos no tempo.
- Definir os indicadores que permitirán avaliar a consecución ou non dos obxectivos.
- Definir as accións necesarias para acadar os obxectivos.

A continuación, imos detallar a relación das accións na táboa do apartado 3.2 que recolle esta información.

Este é o plan de acción concretado en tres liñas estratéxicas:

#### 1. Plan de mellora das infraestruturas e do equipo técnico.

- Ampliación da conectividade Wifi do centro.
- Desenvolvemento das redes do centro.
- Desenvolvemento dos servizos de internet: redes sociais, sitios web, Instagram...
- Xestión eficaz do mantemento dos equipos informáticos do centro a través dun plan de Mantemento e renovación de Software.
- Continuar e mellorar o mantemento e control dos recursos audiovisuais que dispón o colexio.
- Estudo da capacidade e tempo estimado do mantemento dos equipos do centro, así como das persoas que o realizan para estimar o custo horario e económico.
- Estudo e definición de posibles novos espazos tecnolóxicos.
- Formación en seguridade e uso correcto das TIC.

#### 2. Plan de comunicación.

- Establecer unha política explícita de comunicación dentro do centro, coas familias e co entorno acorde coas evidencias da lei de protección de datos, de dereitos da propiedade intelectual.

- Mantemento da Web corporativa.

- Difusión das noticias e eventos nas redes sociais polo persoal responsable das mesmas.

- Seguir avanzando na xestión de cara á supresión das comunicacións e documentación en formato papel.

- Realización de actividades formativas para alumnado e familias.

### 3. Plan de desenvolvemento profesional docente.

- Incorporar a cultura das Tics nas aulas.
- Favorecer o uso das Tics no proceso de ensino-aprendizaxe.
- Potenciar o uso das Tics como ferramenta de traballo no noso alumnado.
- Sistematizar o uso das Tics no profesorado e na labor diaria, programacións, tarefas do alumnado, memorias e avaliacións.
- Fomentar a comunicación coa Comunidade Educativa por medio das vías corporativas.
- Mellorar as capacidades e habilidades Tics do noso profesorado e alumnado.
- Elaborar material no proceso de ensino-aprendizaxe, tanto por parte do alumnado como do profesorado.
- Usar Plataformas para recibir información e formación e para a comunicación co profesorado e co Centro.
- Novo plan de formación da competencia dixital docente.
- Consolidar no persoal docente o compartir recursos e materiais.

Posto que no noso centro actualmente existe unha Comisión-Equipo TIC, este será o responsable de poñer en marcha accións de mellora e innovación como consecuencia do seguimento e análise dos resultados recollidos no SELFIE.

O Plan Dixital é elaborado durante o curso 2021-2022; cada trimestre do curso 2022-2023 a Comisión-Equipo Tic reunira-se para facer un seguimento do Plan e poder realizar unha valoración da consecución de obxectivos e mellorar propostas. No mes de xuño a Comisión-Equipo TIC realizará unha avaliación de resultados para plantear as posibles modificación e ampliación do plan no curso seguinte.

### Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

Área/s de mellora: C Infraestructuras e equipos						
OBXECTIVO 1: (1)	Mellorar a insuficiente asistencia técnica no noso centro.				Acadado	
Responsable:	Equipo de dinamización TIC's				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Dispor dunha asistencia técnica eficaz para resolver os problemas cos equipos dixitais do centro.					
Valor de partida: (3)	Máis do 20% do profesorado e máis do 18,2% alumnado cree que o centro non ofrece unha asistencia técnica cando surxen problemas técnicos cos equipos.					
Valor previsto e data: (4)	Máis do 80% do profesorado e máis do 70% alumnado cree que o centro ofrece unha asistencia técnica cando surxen problemas técnicos cos equipos.					
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1:Comunicación ao Equipo de dinamización TIC's da necesidade de dispor dunha asistencia técnica continua e de calidade.	Equipo de dinamización TIC's	29/09/22	Equipo de dinamización TIC's		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2. Creación dun grupo de traballo para achegar solucións aos distintos problemas técnicos.	EQUIPO DIRECTIVO/PROFESORADO/PERSOAL NON DOCENTE/EQUIPO DE DINAMIZACIÓN TIC	29/09/22	Plataforma dixital		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3 Creación dun sistema automatizado de partes de averías de equipos.	EQUIPO DIRECTIVO/EQUIPO DE DINAMIZACIÓN TIC	29/09/22	Convocatoria Grupo de traballo		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	



**Área/s de mellora: F Pedagogía: implementación na aula.**

<b>OBXECTIVO 2: (1)</b>	<b>Potenciar o uso de contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado.</b>	<b>Acadado</b>
<b>Responsable:</b>	<b>EQUIPO DE DINAMIZACIÓN TIC</b>	<b>Non acadado</b>
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Fomentar o uso de contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado a través da plataforma EDMODO e Edixgal.	
<b>Valor de partida: (3)</b>	O 38,2 % do profesorado non desenvolve contornos virtuais de aprendizaxe ou o fai de maneira parcial.	
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	80% do profesorado desenvolve contornos virtuais de aprendizaxe.	30/6/2023

**ACCIÓNS A DESENVOLVER**

DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO2.1:Activación das contas de EDMODO e Edixgal de cada docente.	EQUIPO DE DINAMIZACIÓN TIC	7/09/22	Coordinador TIC Dispositivos dixitais Profesorado do centro		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.2:Seguimentos das contas de correo do alumnado/familias e profesorado e aulas virtuais.	EQUIPO DE DINAMIZACIÓN TIC	29/06/23	Coordinador TIC Dispositivos dixitais		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO2.3:Creación dun equipo de apoio para a información continua ao profesorado na creación e uso de aulas virtuais e distintas ferramentas TIC.	EQUIPO DIRECTIVO	29/09/22	Convocatoria Grupo de traballo		Realizada
					Aprazada
					Pendente

**Área/s de mellora:E Pedagogía: apoio e recursos.**

<b>OBXECTIVO 3: (1)</b>	<b>Mellorar a adaptación do proceso de ensinanza ás necesidades individuais do alumnado no relativo as tecnoloxías dixitais.</b>	<b>Acadado</b>
-------------------------	--	----------------

<b>Responsable:</b>	EQUIPO DE DINAMIZACIÓN TIC			<b>Non acadado</b>	
<b>INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)</b>	Deseñar, desenvolver e apoiar á aprendizaxe co uso das tecnoloxías dixitais para mellorar os resultados desa aprendizaxe.				
<b>Valor de partida: (3)</b>	O 36,2 % do profesorado considera que non se adapta o proceso de ensinanza ás necesidades individuais do alumnado ou non se valora o progreso da mesma.				
<b>Valor previsto e data: (4)</b>	60% de profesorado considera que se adapta o proceso de ensinanza ás necesidades individuais do alumnado ou non se valora o progreso da mesma.			30/6/23	
ACCIÓN A DESENVOLVER					
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN	
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)
AO3.1:Coordinación e organización de formacións para o profesorado sobre ferramentas dixitais.	Equipo directivo/Dinamización TIC	29/09/22	Equipo directivo Coordinador TIC Profesorado Dispositivos dixitais		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.2:Enquisa ao profesorado sobre a realización dos cursos sobre ferramentas dixitais.	Equipo directivo/Equipo de Dinamización TIC	29/06/23	Equipo directivo Coordinador TIC Profesorado		Realizada
					Aprazada
					Pendente
AO3.3:Apoio na creación e uso de aulas virtuais e distintas ferramentas TIC aos distintos departamentos.	Equipo de Dinamización TIC	29/09/22	Coordinador TIC Profesorado		Realizada
					Aprazada
					Pendente

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS “SMART”** (que queremos conseguir). Recomendase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
  - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
  - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;

- d. **Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
- e. **Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e responder a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

#### ACCÍONS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIBIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalizaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

### 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

O noso centro na súa aposta pola dixitalización do proceso de aprendizaxe e ensino, vén desde hai anos transformando con infraestrutura e equipamento dixital á administración do centro, as aulas e espazos comúns. Esta transformación sempre estivo maioritariamente custeada economicamente polo propio centro, con moi pouca axuda da administración pública.

A nosa aposta será dixitalizar o centro chegando a ter un dispositivo dixital por alumno/a.

- Equipamento:

Unha sala de de ensinanza dixital con tecnoloxía en 3D

Un equipamento para poder desenvolver un entorno de aprendizaxe virtual 3D

Renovación do equipamento que xa comeza a estar obsoleto.

- Infraestrutura dixital:

Melloras no servizo de mantemento do equipamento e a infraestrutura para dispor dunha asistencia técnica eficaz para resolver os problemas cos equipos dixitais do centro.

- Servizos dixitais educativos:

Fomentar o uso de contornos virtuais de aprendizaxe co alumnado a través da plataforma EDMODO e Edixgal.

Deseñar, desenvolver e apoiar á aprendizaxe co uso das tecnoloxías dixitais para mellorar os resultados desa aprendizaxe.

Compromiso activo do profesorado no uso de recursos e ferramentas dixitais, contornos virtuais de aprendizaxe e plataformas en liña para garantir a aprendizaxe do alumnado dentro e fóra da aula. Utilizar programas e contornos que faciliten a aprendizaxe e favorezan a adquisición de habilidades, destrezas e coñecementos.

## 4. Avaliación do plan

### 4.1 Seguimento do Plan de Acción

Cada unha das accións propostas neste Plan Dixital de Centro ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar si o obxectivo proposto foi acadado e se é preciso realizar variacións no plantexamento destas accións durante o curso para que as propostas se materialicen.

Os indicadores serán utilizados e revisados a principios de cada curso, para adecualos as condicións concretas do centro.

O procedemento de seguimento do desenvolvemento do plan e da consecución de obxectivos realizarase trimestralmente, coincidindo coa avaliación dos cursos.

Cada trimestre do curso, a Comisión TIC reunirse para hacer un seguimento do Plan Dixital de Centro e realizar unha valoración da consecución de obxectivos e as melloras propostas.

### 4.2 Propostas de mellora (revisión)

No mes de xuño a Comisión TIC realizará unha avaliación de resultados para plantexar as posibles modificacións e ampliacións do plan no curso seguinte. Coa análise dos indicadores, elaborárase un informe evaluativo final no que se recollerán os resultados, os aspectos negativos, os positivos e as propostas de mellora para cursos posteriores.

## 5. Difusión do plan

O plan dixital será difundido polo equipo de dinamización na páxina web do centro e na aula virtual cunha periodicidade anual.